1. Le o seguinte texto:

«Un príncipe non deberá ter necesariamente todas as calidades mencionadas, pero é moi conveniente que parece que as posúe. Incluso me atrevería a dicir que son prexudiciais cando téndoas se poñen sempre en práctica, mentres que son útiles se se fai ver que se posúen –como semellar clemente, leal, humano, íntegro, devoto e selo-. Pero cómpre ter o ánimo disposto de tal xeito que se fose necesario non selo, se poida e se saiba facer o contrario. Hai que entender que un príncipe, especialmente un príncipe novo, non pode observar todo aquilo polo que se considera que os homes son bos, xa que a miúdo se ve na necesidade, para conservar o estado, de obrar contra a fe, contra a caridade, contra a humanidade e contra a relixión. Por iso fai falta contar cun ánimo disposto a virar segundo os ventos da fortuna e a variación das circunstancias llo esixan e como dixen anteriormente, non apartarse do ben mentres se poida, pero sabendo entrar no mal se fose necesario.

Un príncipe debe, xa que logo, ter bo coidado de non articular nin unha soa palabra que non posúa as cinco calidades mencionadas e debe semellar para quen o vexa e o oia que é todo compaixón, todo lealdade, todo integridade e todo relixión. E non hai cousa máis conveniente que aparentar que se practica esta última calidade. Os homes, en xeral, xulgan máis polos ollos que polas mans, porque todos poden ver, pero poucos poden tocar. Todos ven o que se aparenta, pero poucos senten o que se é e eses poucos non ousan contradicir a opinión da maioría, amparada pola autoridade do principado. Ademais nas accións de todos os homes, especialmente nas dos príncipes, contra os que non hai tribunal ao que recorrer, aténdese só o resultado. Trate, polo tanto, o príncipe de gañar e conservar o poder; entón os medios serán sempre xulgados honrosos e gabados por todos, xa que o vulgo se deixa cativar polas aparencias e polo éxito da acción e no mundo non hai máis ca vulgo e as minorías non contan cando a maioría ten onde apoiarse.»

(Maquiavelo. *O príncipe.* La Voz de Galicia. BG. USC. I. González (trad.), cap.XVIII, pp. 99-100)

2. Contesta as seguintes preguntas:

1. Autor do texto
2. Título da obra á que pertence o texto
3. De que trata, en xeral, a obra?
4. Que importancia ten o autor e esta obra?
5. A que xénero pertence esta obra?
6. Que virtudes tiña un xénero como ese?
7. Cita algúns outros autores renacentistas deste mesmo xénero
8. Tendo en conta as etapas do Renacemento e atendendo ao feito de que esta obra corresponde ao ano 1513, cronoloxicamente en cal delas se sitúa o autor?
9. A quen lle dedica o autor a súa obra?
10. Fai un resumo temático do texto
11. Coñeces algunha frase famosa atribuída ao autor?
12. Cales son as virtudes que debe ter un príncipe, segundo o autor?
13. Como entendes o *fin*?

14. De que dependen os *medios*?
15. Busca no dicionario algunha palabra común relacionada co autor, derivada do seu pensamento, e escribe a súa definición.